

## RACIONALIZACIÓN DA ORGANIZACIÓN TERRITORIAL LOCAL

Os concellos ademais de administracións públicas son entidades territoriais básicas da Comunidade Autónoma e do estado con base democrática de representación da cidadanía. Os cambios normativos, o novo contexto económico ou a reordenación competencial veñen de abrir un novo escenario para o conxunto das institucións locais galegas, onde a colaboración intermunicipal, a cooperación interadministrativa, en especial coa Xunta de Galicia, a utilización das novas tecnoloxías, ou a planificación conxunta do territorio, deberán ter un maior protagonismo, coa finalidade de afrontar os problemas do municipalismo galego, algúns recentes, como o fenómeno metropolitano ou as relacións fronteirizas, pero outros crónicos, como a dispersión da poboación ou a falta de recursos económicos dos nosos concellos para prestación dos servizos públicos aos que están obrigados. Tamén é de subliñar a atribución dun novo rol competencial as Deputacións provinciais a costa dos propios concellos.

A recente modificación da lexislación básica do Estado mediante a Lei de Racionalización e Sostibilidade de Administración local e as leis sobre estabilidade orzamentaria e control do déficit das Administracións públicas, esixen –dadas as competencias da Comunidade Autónoma na materia– máis pronto que tarde, unha nova normativa galega reguladora das entidades locais, ou cando menos a reforma en profundidade da

vixente Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, sen ter que agardar a aprobación dun futuro, e sempre incerto, novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais que palíe os efectos das devanditas reformas legais estatais.

A planta local non é unha eiva para redefinir ou adaptar a vixente organización territorial e institucional local de Galicia. A Fegamp reitera unha vez máis que o problema do municipalismo non radica no número de concellos existentes en Galicia, senón na capacidade dos mesmos de desenvolver as súas competencias e de prestar servizos aos cidadáns coa eficiencia e eficacia que lles é esixida, tendo ademais en conta as especiais características dos nosos concellos, cunha poboación espallada en miles de núcleos de poboación.

Reiteramos igualmente que a modificación ou reordenación da planta local debe sustentarse na voluntariedade dos concellos mediante a adopción das medidas e instrumentos axeitados, sen que teñan que estar suxeitas a regras uniformes e tendo en conta a diversidade das entidades locais interesadas na súa fusión.

Eses novos retos para ao municipalismo non teñen que supoñer unha limitación do dereito das entidades locais a asociarse voluntariamente, en especial en mancomunidades ou consorcios locais, dereito recoñecido mesmo na Carta Europea de Autonomía Local. Iso sen prexuízo de levar adiante as modificacións legais necesarias para mellorar o actual réxime

xurídico destas entidades locais de carácter asociativo, en especial en canto ao seu funcionamento, na actualidade pouco operativo.

Dende a Xunta de Galicia deberá seguir apoiándose a cooperación e colaboración intermunicipal entre as entidades locais para prestar ou compartir determinados servizos públicos locais ou supralocais.

Debe dársele un novo pulo á cooperación institucional das entidades locais coa Comunidade Autónoma nos instrumentos de planificación e desenvolvemento da ordenación territorial e dunha maneira especial no urbanismo e na planificación, implantación e xestión das infraestruturas e servizos locais, na liña xa marcada polo Pacto Local asinado no ano 2006 entre a Xunta de Galicia e a Fegamp, en cuxa execución debe seguir traballándose.

En tanto non se redefina o seu papel institucional, as Deputacións provinciais deberán asumir unha política de progresivo baleirado, limitando as súas funcións a un mínimo competencial básico de cooperación xurídica e técnica dos concellos e impulsando a maior transferencia de recursos económicos posibeis directamente aos concellos, baseándose en criterios que permitan corrixir desequilibrios territoriais e sociais. Ademais, deberán traballar na transferencia de todos aqueles servizos que manteñen e que deberán ser de titularidade da administración galega.

A coordinación da prestación polas Deputacións dos servizos municipais recollida na Lei de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local deberá ter en todo caso carácter temporal e voluntario. A indefinición institucional das deputacións provinciais é unha razón máis cara a promover a creación de marcos de colaboración entre concellos e o goberno da Xunta, en forma en entidades supralocais como mancomunidades e consorcios, que sirvan para atender as necesidades de pequenos concellos en relación ao medio ambiente, rede viaria, prevención e extinción de incendios, infraestruturas culturais e deportivas.

Os plans provinciais de cooperación as obras e servizos de competencia municipal deben de ser un instrumento eficaz para o desenvolvemento local, baixo o control da comunidade autónoma, e na súa elaboración deben ter unha activa participación os concellos das respectivas provincias.

A Fegamp quere sinalar finalmente que en atención aos especiais vínculos e demandas comúns entre Galicia e a Rexión Norte de Portugal, deberán impulsarse dende todas as Administracións as relacións de colaboración entre os concellos galegos e portugueses.

De acordo co exposto, propóñense a Asemblea as seguintes

## RESOLUCIÓNS

**Primeira.-** Demandar a derogación da lei de Racionalización e Sostibilidade da Administración local, por atentar contra a autonomía local e por invadir competencias estatutarias de Galiza. Promover, así mesmo, unha reforma da lei de bases que reduza a esfera competencial das deputacións de cara a promover a súa progresiva desaparición.

**Segunda.-** Solicitar da Xunta de Galicia que a través da Comisión Galega de Cooperación local, baixo o principio de lealdade institucional, garanta e fomente as relacións de colaboración coas entidades locais no senso sinalado pola Lei 5/1997 de Administración local de Galicia.

**Terceira.-** Instar da Xunta de Galicia o cumprimento do Pacto Local asinado en 2006 coa Fegamp, sen prexuízo da súa ampliación, revisión ou adaptación as novas realidades sociais, económicas e políticas do noso país e dos nosos concellos.

**Cuarta.-** Solicitar do Parlamento de Galicia a creación no seu seo a constitución dunha subcomisión permanente sobre entidades locais.

**Quinta.-** Promover entre as entidades locais as agrupacións e demais fórmulas de xestión compartida dos servizos públicos locais, coa finalidade de mellorar a súa eficacia e diminuír os custes na súa prestación deixando claro o innecesario das deputacións, cando hai

vontade política de cooperación e coordinación entre concellos e o goberno da Xunta.

**Sexta.-** Nos supostos que os concellos voluntariamente desexen acordar a súa fusión, instar as Administracións estatal e autonómica que arbitren as axudas económico-financieras e de apoio técnico-xurídico necesarias para que dita fusión poida levarse adiante, tendo en conta as características dos concellos implicados.

**Sétima.-** Instar das Administracións públicas competentes as modificacións legais necesarias para mellorar o actual réxime xurídico das mancomunidades de concellos coa finalidade de dotar as mesmas dunha maior operatividade, financiamento e axilización no seu funcionamento.

**Oitava.-** Reivindicar a potenciación das tarefas de cooperación voluntaria e asistencia do goberno da Xunta cos concellos, en especial cos menos poboados, sen prexuízo da posibilidade de delimitar, a favor das mesmas, competencias para levar adiante servizos que teñan un carácter supralocal.

**Novena.-** Solicitar que as Administracións competentes teñan en conta nas súas actuacións públicas as singulares características dos concellos turísticos, histórico-artísticos, industriais, pesqueiros e rurais, instando a elaboración da normativa reguladora do seu réxime xurídico.

**Décima.-** Esixir á Xunta de Galicia o compromiso de darlle ás entidades locais unha efectiva participación no desenvolvemento dos instrumentos de ordenación do territorio, en especial das Directrices de Ordenación do Territorio e no Plan de Ordenación do Litoral.

**Undécima.-** Solicitar da Xunta de Galicia que recolla no anteproxecto de Lei do Solo de Galicia as alegacións presentadas ou que poida presentar ao mesmo a Fegamp, en especial as relativas a delimitación dos núcleos rurais e a intervención dos concellos na elaboración dos futuros plans básicos municipais e no Plan Básico Autonómico.

**Duodécima.-** Demandar da Xunta de Galicia o apoio técnico e económico, de xeito real necesario aos concellos na elaboración ou reforma dos plans xerais de ordenación municipal.

**Décimo terceira.-** Impulsar e apoiar dende todas as Administracións públicas as relacións de colaboración e cooperación intermunicipal entre os concellos de Galicia, en especial os fronteirizos, e os da Rexión Norte de Portugal.